

Staffan Mörling

Xurxo Souto

Falábame ás veces a miña sogra Pilocho dun rapaz louro e estranxeiro que andara pola Ponte do Porto preguntando polos barcos.

Onte finou Staffan Mörling, o sueco que decidiu ser galego por amor as cousas do mar.

Aprendeunos aos terrícolas a dicir buceta, galeón, gamela e, sobre todo, dorna. Foi nun libro marabilloso: *As embarcacións tradicionais de Galiza*.

Ao estilo de Manuel María, percorreu ribeira a ribeira, persoa a persoa, todo o país. Por iso chegou a converterse en lenda. Viaxe de iniciación que acadou en Ons a súa meta. Alí casou con Xosefa, alí foi feliz. Por iso, toda conversa con el remataba cunhas cantareas da illa.

Semente fecunda. A flota de embarcacións tradicionais galegas é un referente para Europa. Mais Staffan formulou un proxecto para o país enteiro. Tamén para terrícolas e terrícolos. Polo menos tal me aconteceu a min. Todo o que me ensinaron mudou cando souben destas palabras: Preguntáronlle unha vez por que viñera vivir tan lonxe, dende Suecia até a fin da Terra. Staffan Mörling contestou: "Galiza non é a fin da Terra. É o centro do Mar". Grazas mestre, oxalá sexamos quen de honrar tanto legado.

Xabicas

A creado

"Kukinh

"A C

B. Bouza

Agora qu
a receita
momento
manteiga
mellor a
gastronó
espazo c
proposta
a cocina
até a ori
gastronó
Xapón a
inspiradi
Santiago